

# HORA ACTUAL DA NARRATIVA ÁRABE EN ESPAÑA

Seis narradores

*Luís Alonso Girgado*

Centro de Investigacións

Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro

Cada día é máis doado constatar que unha literatura precisa canles axeitadas para difundirse e ter éxito entre o público lector, e para que este se achegue a ela con atención crítica. Estamos, pois, ante unha situación na que a calidade dunha obra é só unha parte do conxunto de estratexias empregadas para a súa presenza no mercado editorial e recepción entre o público. Loxicamente, iso ten moito que ver coa potencialidade económica dos diferentes países e co seu grao de presenza nos circuítos internacionais de espallamento da cultura en xeral e do libro en particular.

En España, por exemplo, a difusión da literatura norteamericana e dalgúns países europeos non presenta atrancos de ningunha clase; todo ó contrario. Pero unha circunstancia diferente prodúcese cando se trata doutras literaturas, as dos países árabes, poñamos por caso. E iso aínda contando coa nosa tradición arabista.

Mais non é o meu propósito teorizar sobre unha panorámica que está á

vista de todos. Unha situación que fai que esteamos a recibir ducias e ducias de pésimas mostras de literatura norteamericana (no medio dalgunhas sen dúbida de gran valor) e só moi serodiamente teñámo-la posibilidade de ler a un escritor exipcio, sirio ou alxeriano. Subliñada esta evidencia, coido que será de utilidade ofrecer algunha información sobre a presenza actual da narrativa árabe entre nós e, de paso, aportar algunha indicación sobre certas mostras da mesma, que eu estimo axeitadas para a lectura polos alumnos do noso Bacharelato. Estou certo (baséome para isto na miña experiencia como profesor de Literatura) de que será para moitos un verdadeiro descubrimento e quizais haberá algún compañeiro que adquira unha nova fonte de información coa finalidade de fomentar a lectura entre os alumnos, que diso se trata en última instancia.

Non estará de máis anotar algúns datos contextuais. Vexamos. Estes países veñen de saír (Alxeria e bo exemplo) de situacións coloniais que perduraron ata poucas décadas atrás. Coñecen situa-

cións de violencia e forte conflictividade social, política e relixiosa. A problemática lingüística caracterízase polo intento de habilitalo árabe popular, falado, para o eido da creación literaria, dado o xeral descoñecemento do anquilosado e dificultoso árabe clásico, o único con tradición literaria. Froito da pegada da cultura dos países colonizadores europeos é o emprego de linguas como o francés ou o inglés por unha parte dos narradores árabes, aínda que a dinámica actual tende á recuperación da lingua árabe. Os modelos literarios adoitan selos europeos ou norteamericanos, e con certa frecuencia os escritores árabes fixéronse intelectualmente fóra do seu país ou en universidades estranxeiras dentro do seu país.

A concesión do Premio Nobel de Literatura 1988 ó narrador exipcio Naguib Mahfuz, foi unha chamada de atención sobre a ata entón esquecida literatura árabe. O autor de *A trioloxía de El Cairo* foi obxecto dunha ampla atención crítica e as súas novelas principais foron de seguida vertidas ó castelán; entre o público lector Mahfuz acadou un éxito notable. Unha das repercusións deste feito entre nós foi a aparición dalgunhas editoriais que tentaron servir de plataforma ós escritores árabes. Así, ó labor que viña desenvolvendo o Instituto Hispano-Árabe de Cultura (que continúa a publicar un boletín trimestral, *Arabismo*) ou a Editorial Cantarabia, especializada nas letras árabes, sumouse a creación de editoriais como Ausa ou

Edicións do Oriente e do Mediterráneo, e tamén a colección al-Quibla de Ediciones Libertarias. Estas son algunhas das fontes ás que o interesado neste tema pode acudir. Referímonos ó eido das traducións ó castelán, pois que saibamos en galego non hai tradución ningunha de autores árabes. Na actualidade, tres son os nomes que espertaron interese en Europa: Naguib Mahfuz, Tahar ben Jelloun e Amin Maalouf, os dous últimos galardoados en Francia co Prix Goncourt.

Mais iniciamo-la nosa rolda de narradores árabes cun deles moi pouco coñecido, o sudanés Tayyeb Saleh. Nacido en 1929, fillo de labregos, alumno das universidades de Xartum e Londres, Saleh compaxina a creación literaria co traballo en diferentes medios de comunicación do seu país. *Época de migración ó Norte* (Edit. Alcor, 1990) é a máis recente das súas novelas. Nas súas páxinas hai, mesturados, algúns elementos autobiográficos. O importante, sen embargo, é que o escritor constrúe un mundo dual, bifronte, que para o narrador-protagonista da historia constitúe, por unha banda, un nostálxico reencontro coa súa terra natal (unha aldea sudanesa á beira do Nilo) e, por outra, un feixe de retrospectivas arredor do ámbito xeocultural inglés. Salientemos, sobre todo, na visión da aldea, o agarimoso achegamento a unha forma de vida chea de sinxeleza e autenticidade, pero non idealizada nin costumista. Pois aínda que na descrición da paisaxe advertimos

un fondo lirismo, o novelista, partindo da crítica ó pasado colonial, censura a pobreza e a corrupción do país.




O mundo inglés xorde desde a perspectiva de Mustafa Said, un personaxe solitario e misterioso; un ser de intelixencia tan deslumbrante coma falida e un home no que a paixón vai vencellada ó infortunio e á morte. Quizais esteamos ante un personaxe simbólico, representativo da traxedia dos intelectuais do país, do seu destino, escindido entre dúas culturas e dúas opostas formas de vida.

Sobresae esta novela pola súa modernidade técnica. Saleh emprega a técnica espiral do encaixe narrativo, con alternancia de voces e un peche de trama nun impresionante clímax, logo distendido no epílogo. A prosa é de transparente claridade, ó tempo dotada de lirismo e traxicidade. O esperanzador remate da fábula é o contrapunto ó drama existencial de Said, un home na encrucillada, que loita por ollar ó futuro sen nostalxia e abrirse ás novidades sen renunciar ó propio. Temos con este personaxe unha moi conseguida síntese do espírito do home e a terra do Sudán, no seu pasado e no seu presente, no cotián e no máis substantivamente esencial; no xeito radical de entende-la existencia.

Pouco máis coñecido resulta Sadeq Hedayat, nacido en Teherán a comezos deste século, de formación francesa. Nos seus anos mozos integrou o grupo "Os catro" e loitou contra a perduración da literatura clásica en Irán. Autor de tres libros de relatos e algunhas novelas de corte histórico, Hedayat é recoñecido especialmente pola súa obra *O moucho cego*, escrita na India en 1936 e censurada en Irán por escandalosa. Admirador de Guy de Maupassant e ben informado da literatura europea contemporánea, Hedayat, que militou nas ringleiras do Partido Comunista, marchou decepcionado do seu país e suicidouse en Francia en 1951.

O lector que desexe rastrexar máis polo miúdo na vida e obra de

Hedayat, pode acudir ás páxinas de Lemosín Martal, que no epílogo á súa tradución da xa citada novela (na edición de Edit. AUSA) calíficaa de “obra mestra da literatura universal”.



A primeira impresión despois da lectura de *O moucho cego* é a de que nos atopamos diante dunha manifestación literaria caracterizada pola súa intencionalidade transgresora, pola súa procura dun radical máis alá de calquera límite, pola súa dimensión de berro delirante e de desafío que expresa o desacougo do home. Pouco pode rete-la memoria da trama narrativa, certamente informe, constituída por unha morea de escenas e

secuencias inconexas. De certo, a experiencia da droga é un principio determinante do obsesivo discurso do narrador, que se manifesta enfrontado á súa propia sombra. Discurso de coordenadas tempo-espaciais difusas, está poboado de fantasmagorías, soños enfermizos polo “fume sutil e celeste da droga”. Achámonos fronte a un universo de pesadelo (polo que se vislumbra unha imaxe de muller), señoreado pola soidade, o medo, a anguria, o odio e a morte.

A liña de literatura maldita inspira con claridade estas páxinas inzadas de violencia, nas que a expresión se constitúe nun feroz argot presidido polo macabro, o estarrecedor e maligno. A existencia é tortura e inferno; inutilidade absurda da que só o suicidio nos pode liberar. Teimoso en nos amosar visións psíquicas, paisaxes oníricas de loucura e alucinación, Hedayat semella nos querer dicir que o mal está a corroe-lo espírito do home e que nel vive. Poe, Kafka, e Maupassant son algúns dos influentes modelos deste escritor na súa impresionante novela; nunha obra tan insólita coma inquietante.

O escritor marroquino de máis sona en España é Tahar ben Jelloun. *A noite sagrada* (1978) obtivo o Goncourt en Francia. *Con ollos baixos* (Edit. Península, 1992) é a súa máis recente entrega narrativa.

Con Jelloun, tense a sensación de que é certo -unha vez máis- aquilo de que o escritor está sempre a escribi-la

mesma obra. Personaxes, temas, xeografía narrativa conforman, unha e outra vez, un universo narrativo propio, no que recoñecemos-lo escritor. Este universo posúe o seu epicentro no home e no pobo marroquino; na súa intensa profundización espiritual e no relato da súa máxica concepción do mundo, das relacións sociais e humanas, da súa actitude perante o estranxeiro, a súa relixiosidade, senso da familia e vencellamento coa terra. Pero, afincado en Francia desde hai anos, Jelloun é particularmente sensible ó fenómeno socioeconómico que afecta a milleiros dos seus compatriotas, o da emigración. E por medio dos seus personaxes denuncia a marxinação, a precariedade das condicións de vida, o illamento e a soidade, o conflito cultu-

ral dos marroquinos que enchén os arrabaldes das grandes cidades francesas.

Semellante ruptura e desterro, semellante tráxico exilio está no cerne mesmo de *Cos ollos baixos*, obra na que o escritor privilexia de novo a presenza dun personaxe feminino. Unha atmósfera de lenda -a nena depositaria da sabedoría dun tesouro agachado nas montañas dun mísero pobo marroquino- está a se instalar no comezo xa da narración. Esta, co emprego da primeira persoa autobiográfica, lévanos á visión dun pobo morto, inmóbil, pechado a calquera esperanza dun futuro mellor.

O fío narrativo condúcenos a un segundo espazo narrativo, a unha xeografía de desterro, á fuxida da terra e encontro coa cidade europea, francesa. O mundo da emigración adquire aquí ben marcado relevo, e o ata entón sólido ambiente familiar da nena comeza a se esvaecer en contacto co novo medio urbano, alleo e inzado de dureza, pero ricaz sen embargo en posibilidades. Xusto é dicir que no seu derradeiro tercio a novela queda un tanto imprecisa e frouxa, e iso pola entrada de digresións de carácter estético-narrativo e así mesmo por un exceso de ambición do autor que torna ó ámbito da lenda para pecha-la súa fábula.

En *Cos ollos baixos* interesa, sobre de todo, a figura da narradora-protagonista, de suxerente perfil imaxinativo e manifesta vontade de autoafirmación, en loita consigo mesma por se adaptar á súa nova vida. Por outra banda, está vivo



nela o sentimento da terra lonxana e a teima do cumprimento da profecía. Personaxe pleno de luz, vital, é tamén un ser perseguido polas lembranzas, aflixido polas súas orixes e as encrucilladas que lle saen ó paso.

Hai tenrura e lirismo nas páxinas desta novela, pero hai tamén desesperanza e amargura. A fatalidade do destino, as ataduras do home á súa terra e a indefensión dos trasterrados son claves dunha novela na que os personaxes non se poden liberar das súas obsesións, das súas fantasmas, da chamada dunha terra fermosa aínda na súa miseria, na súa desolación.

Tawfiq Y. Awwad, nacido en terras do Líbano, foi noticia de primeira páxina nos xornais cando, en plena guerra civil do seu país, unha bomba estoupaba na embaixada española e mataba ó embaixador Pedro de Arístegui. Con el morría o diplomático e escritor libanés Tawfiq Y. Awwad. A publicación póstuma da súa novela *Os muíños de Beirut* (Edit. Plaza y Janés, 1992) é unha oportunidade para nos achegar á obra dun escritor do que un compatriota, Mijaíl Nuayma, dixo que tiña nacido “para escribir relatos curtos”.

Escrita en Tokyo en 1969, *Os muíños de Beirut* foi valorada diante de todo, cando apareceu, como un documento sociopolítico e histórico. A estratexia de configuración temático-formal da obra está a seguir un ben coñecido modelo, insertar unha anécdota particu-

lar nun contexto sociopolítico. Ficción narrativa e realidade histórica conforman unha panorámica que, no caso que nos ocupa, se refire ó Líbano conmovido polos novos aires revolucionarios (temática que o novelista ubica na Universidade) e pola violencia do conflito árabe-israelí.

Na liña da pura ficción novelesca asistimos ó proceso de madureza dunha xove, Tamima, que desde a súa marxina da condición de muller tenta achegarse ó mundo intelectual e laboral de Beirut. O desencanto e a soidade serán as resultantes dunha peripecia existencial pola que a protagonista constata a brutalidade do home, a corrupción moral e a humillante marxinalidade da muller. Unha atmósfera que está a provoca-la destrucción dos seus soños, o seu fracaso.

Menor interese teñen, desde unha perspectiva puramente novelesca, as olladas a un Beirut onde a clase intelectual é vítima das contradicións, ambigüidades e dúbidas da revolución, que xorde nun pobo dividido polas diferencias políticas, ideolóxicas e relixiosas; entre posicionamentos enfrontados cara ó conflito entre os fedayins palestinos e o belicismo dos xudeus.

O emprego de materiais xornalísticos, epistolares ou de conferencias que tiveron lugar, aporta veracidade histórica ós datos manexados polo escritor, que, desde a súa condición de xornalista e diplomático, tivo que vivirlos acontecementos en primeira liña. Con máis

folgos para os trazos descritivos ca para manter unha narración longa, Awwad deixounos en *Os muíños de Beirut* unha sombría visión do futuro próximo do seu pobo, e iso a través duns personaxes derrubados e envilecidos por unha moi crítica circunstancia histórica. O posterior desencadeamento da guerra civil non fixo da súa novela senón unha lúcida premonición.

A ampla traxectoria narrativa do cairota Naguib Mahfuz coñeceu no seu desenvolvemento etapas de gran fecundidade, fronte a outras de silencio. Así, tras de cultivar con éxito un certo tipo de novela de carácter e alcance social, rompeu sete anos de baldeiro creador con *Filios do noso barrio* (1959) e inaugurou a seguinte década con dúas novelas de recente publicación entre nós, *O ladrón e os cans* e *Os paspallás e o outono* (Edit. Plaza y Janés, 1991). Esta última aseméllase non pouco á citada novela de T.Y. Awwad; ámbalas dúas coinciden nun mesmo esquema xeral e nas resonancias da loita árabe-israelí, e os dous novelistas adoptan un posicionamento crítico e de testemuña, comprometidos claramente coa circunstancia do seu tempo nos seus países respectivos (Líbano e Exipto).

*Os paspallás e o outono* é unha múltiple e axeitada indagación nun personaxe, Isa, para o que o vento da historia zoa na súa contra. Alto funcionario no poder, cidadán privilexiado, non é capaz de asumir o troco da situación política; situación nova que, por outra,

revela a súa corrupción, o seu arribismo e acaba co seu prometedor futuro. En realidade Isa é un expoñente dun escolleito sector político, o partido nacionalista exipcio fundado por Saad Zaglul. Mahfuz sométeo a unha análise en profundidade enfrontándoo a unha triple crise: familiar, psicolóxica e histórica. Froito diso, é un home incapaz de se mover; un home que foxe namentres o acosan a pobreza, a destrución do seu matrimonio, o rexeitamento político, ata chegar a un fondo abatemento que o sitúa ó bordo da autodestrución.

Mahfuz non se amosa nin minimamente compasivo co seu personaxe. Isa foi un home corrupto que, contra o que fixeron outros coma el, non conseguiu acomodarse á nova situación. Ollando sempre o pasado, autoexiliado do presente, provoca a infelicidade en tódolos que están ó seu arredor. Aínda que a escena final semelle abrir unha porta á esperanza, de certo esta novela de Mahfuz está presidida por un senso de desacougo existencial, polo pesimismo e a abulia. Toda acción é inútil e non existe nin unha pequena saída que permita albiscar algunha luz no pozo sen fondo da existencia.

Estamos ante unha interesantísima novela escrita con máis ca notable -sinxela- pericia técnica. Mahfuz achéganos ás convulsións históricas recentes do pobo exipcio (en concreto, á revolución da que saíra o emblemático nome de Gamal Abdel Nasser) e, simultaneamente, reflecte a maneira como o pobo

vive -individual e colectivamente- a nova situación. O home derrotado pola situación histórica e polas súas propias carencias morais e espirituais: eis a mensaxe desta obra de curta extensión, pero de gran profundidade.

De novo un libanés de expresión francesa, Amin Maalouf, suscita o noso interese coa que é a súa terceira entrega narrativa, *Os xardíns de Luz* (Alianza Editorial, 1992). Nela ensaia o autor unha fórmula narrativa que xa nas súas novelas anteriores (*León o africano* e *Samarqanda*) lle tiña dado moi bos resultados. A fábula narrativa lévanos cara a un pasado remoto para retomar un personaxe histórico envolto nunha lenda, namentres ficción narrativa e referencia-lidade histórica van xuntos e mesturados con amenidade polo escritor. O resultado é o esclarecemento do pano de fondo histórico que vai paralelo á inescrutible sucesión de viaxes, aventuras e episodios de moi diversa índole.

En *Os xardíns de Luz* situámonos tres séculos despois de Cristo, en terras de Mesopotamia e a India, en tempos de enfrontamento de Roma cos persas sasánidas. O eixe do relato é un personaxe, Mani, fillo de Babel e enviado da Luz, fundador do maniqueísmo, home de multitudes e predicador dunha relixiosidade baseada na beleza, o desprendemento das cousas terreaís e o coñecemento. Non tenta sen embargo Maalouf reconstruí-lo feito histórico de espallamento da doutrina logo considerada herética. A cuestión fundamental,

tratada polo escritor nos seus ensaios históricos, é a da relación entre o home e o poder. Os interlocutores do que remata por ser un entendemento imposible son Mani e o rei de reis, o emperador Sapor. A mezquindade moral, a intransixencia e fanatismo do poder relixioso non poden admitir unha mensaxe de pacifismo e igualitarismo coma a espallada nas súas predicacións por Mani, vítima final da confrontación coa relixión oficial no poder.

Magnos imperios como o persa, míticas cidades como Deb ou Tesifonte, personaxes como Alexandre o Magno ou Artaxerxes discorren polas páxinas desta novela. Mani é encarnación do poder da palabra. E un engado verbal e narrativo certamente engaiolante é o que posúe Maalouf, un mestre da amenidade.


Despois desta novela Maalouf publicou outra ben distinta, *O primeiro século despois de Béatrice* (Alianza, 1992), que, de certo, implica un xiro importante na súa narrativa, en especial polo que respecta á temática. Pois xa o que anota con minuciosidade o octoxenario entomólogo que narra os feitos non concirne á relación Oriente-Occidente, non se sitúa no pasado. Senón que pola contra, está referido ó presente (e aínda, prospectivamente, ó futuro) das tan aireadas relacións Norte-Sur.

O descubrimento dunha substancia que proporciona virilidade ó home (un misterioso exotismo do pasado) faise



de novo presente no século XX en forma de manipulacións xenéticas, castracións de signo misoxinista e prácticas de esterilizacións selectivas e selección de sexo. Eis a armazón que se constitúe en materia narrativa dunha novela que é, en definitiva, a construción dunha contrautopía. Cun pé chantado nos finais do noso século, Maalouf, tendo en conta o cada día máis visible muro existente entre o Norte opulento e o Sur mísero e famento, e así mesmo baseado nunha “ciencia pervertida”, que xa ten amosado ata que límites de aberración pode chegar, escribe unha novela que é a relación dun pesadelo; a crónica dunha sociedade presente e futura marcada pola insolidariedade, o súpeto desencadeamento da violencia colectiva, as desigualdades cada vez máis abismais e o inmoral comercio do sexo e da natalidade. Son, para o escritor, as “primicias do caos” sobre o que Maalouf constrúe un universo visionario pero verosímil, que pode ser realidade a comezos do terceiro milenio.

Ficción científica, ensaística e filosófica, *O primeiro século despois de Béatrice* defínese como unha alegación moral, científica, social e política contra algúns moi inquietantes signos do século que está a rematar. É tamén unha homenaxe á liberdade e independencia da muller e unha ollada chea de emoción ás relacións home-muller na súa dimensión paternofamiliar (Béatrice é, dese xeito, un símbolo de esperanza, pero falido en termos sociais).



E por último unha ben recente comparecencia do mesmo narrador con *A rocha de Tanios* (Alianza, 1993), obra galardoada co Prix Goncourt do pasado ano. Unha pequena aldea na montaña do Líbano é o escollido escenario desta novela, no que o mundo da tradición e das lendas ten moito que ver. Novela de aprendizaxe en boa medida, *A rocha de Tanios* ofrece un retrato da vida cotiá das sinxelas xentes da montaña. As pequenas envexas e liortas, os conflitos relixiosos e territoriais e o final estoupido da violencia e as vinganzas son ob-

xecto dunha narración episódica na que, de novo, Maalouf amosa o engano da súa arte de contar.

Pensamos que abonda co xa exposto sobre o tema, e unha vez máis desexamos chama-la atención sobre a importancia xa contrastada e o interese da narrativa árabe do noso tempo. Certamente, as obras nas que fomos reparando están todas elas traducidas ó castelán e a esa fonte (ou ben ós orixinais en árabe ou francés) terá que acudi-lo lector. Non hai nada -polo menos que saibamos nós- desta literatura traducido ó galego. O feito é algo ilóxico, xa que coñecemos traduccións ó galego de obras de importancia moi secundaria, que ademais están traducidas ó castelán. E coidamos que sería un bo camiño verter ó galego algunha obra da media ducia de narradores árabes xa recoñecidos en moitos países de Europa. Facer, en fin, unha oferta non coincidente, senón diverxente da do castelán, podería ser unha alternativa como

política de traducción. O terreo por explorar aínda nese eido é certamente moi amplo.

E non quero rematar sen ofrecer ós meus compañeiros profesores de Literatura -sexa da lingua que sexa- unha mínima lista de lecturas de narrativa árabe contemporánea, que estimo, pola miña experiencia, axeitadas para suxerírlas ós alumnos de 2º e 1º de B.U.P.

Algúns dos títulos da mesma son os seguintes:

Alafenisch, S. (1991): *El mercader de incienso*, Edit. Siruela, Col. Las Tres Edades, Madrid.

Féraud, M. (1993): *Anné aquí, Sélima allí*, Edit. Alfaguara, Col. Juvenil, Madrid.

Maalouf, A. (1986): *León el Africano*, Edit. Alianza, Madrid.

Schami, R. (1989): *Un puñado de estrellas*, Edit. Alfaguara, Col. Juvenil, Madrid.

Schami, R. (1991): *Narradores de la noche*, Edit. Siruela, Col. Las Tres Edades, Madrid.